



María de Magdala. Unha xenealoxía apostólica

Marinella Perroni. Cristina Simonelli. San Pablo (Madrid) 2017

Son moitas as publicacións que responden ao interese que suscita María de Magdala dentro e fóra do ámbito crente. Dentro dese abano de publicacións este libro, titulado *María de Magdala. Unha xenealoxía apostólica*, presenta unha aproximación de corte científico sen perder unha clara intención divulgativa. As súas autoras, as teólogas italianas Marinella Perroni e Cristina Simonelli, cóntannos no prólogo que pretenden reconstruír a memoria dunha xenealoxía, a de María Magdalena, presente en tantos lugares da Europa medieval, desde algúns dos escritos máis antigos da cristiandade, os evanxeos, e algúns escritos datados entre os séculos II e IV.

A pretensión da obra é recuperar a memoria da muller que viaxou co grupo de Xesús desde Galilea a Xerusalén, que o acompañou no seu martirio, conservou o recordo do seu enterramento e visitou a súa tumba a mañá do primeiro día da

semana, sendo enviada a dar testemuño aos seus «irmáns» (Xn 20, 18).

A primeira parte do texto aproxímanos á tradición canónica recollida polo Novo Testamento. O título «Unha apóstola sen historia» ábrenos un espazo dedicado á transmisión da tradición de María de Magdala realizada a través dos textos evanxélicos. Marinella axúdanos a entender o importante que pode resultar a lembranza dos detalles, por exemplo, o nome da muller que foi ao sepulcro e volveu coa noticia da resurrección, porque esquecer eses detalles ou excluílos da transmisión da memoria comunitaria é privar de autoridade a súa figura na Igrexa e con ela a das mulleres. Tras esta breve reflexión convidanos a un percorrido polos últimos traballos que se levaron a cabo no intento de recuperar a figura histórica da Madalena. Preséntanos un elenco bibliográfico extenso e

abondo para aquelas persoas que queiran profundar en distintos aspectos que despois se van abordar neste traballo.

O segundo capítulo desenvolve a reflexión sobre a necesidade ou non de recuperar esta memoria histórica. Nun primeiro momento fáisenos partícipes do desenvolvemento moitas veces distorsionado que tivo a figura de María de Magdala na tradición da Igrexa, e aborda a necesidade de volver aos evanxeos para resolver confusións nos nomes e nas situacións. En definitiva, lembrar o que verdadeiramente permaneceu dela nos textos. Comezará coa presentación da súa cidade, Magdala, e do seu nome, e dirixirase aos evanxeos para consolidar a súa procura. No terceiro capítulo empréndese a tarefa de buscar nos evanxeos os rastros de María de Magdala e percórrense os catro evanxeos en busca dos detalles que cada un poida achar. Un percorrido breve pero exhaustivo en busca de pinceladas que permitan esbozar a figura histórica desta muller.

No capítulo cuarto, aínda que seguimos nos textos evanxélicos, abórdase a cuestión das

orixes da fe pascual, o ben coñecido testemuño pascual feminino non só desde a figura concreta da Madalena, senón desde os recordos de mulleres que nos deixaron as primeiras comunidades cristiás nos textos evanxélicos. É moi interesante e suxestiva a reflexión sobre o motivo polo que as mulleres foron quen de entender o acontecemento pascual, desde a súa proximidade coa morte, a herdanza bíblica de matriarcas como Raquel. Termina este capítulo analizando a realidade das tradicións, oriental e occidental, sobre o apostolado de María de Magdala.

Ao final desta primeira parte atopamos un brevísimos capítulo de transición no que se nos fala do abandono dunha tradición por parte da Gran Igrexa que nos obriga buscar nas fontes non canónicas da literatura cristiá dos primeiros séculos. O recordo desta policromía de correntes é oportuno para facernos caer na conta de que, só cando unha delas se colocou en posición dominante, foi cando se perderon as cores da historia plural que protagonizaron os primeiros grupos cristiás. Nesa paleta de experiencias atopar a

tradición das mulleres seguidoras de Xesús require situarse nas marxes, di Marinella, nas fronteiras dunha historia que deixou fóra a memoria das mulleres. E, por iso, debemos buscala nos «círculos marxinais do cristianismo antigo», onde a figura da discípula e apóstola, María de Magdala, destaca confirmando un primado discipular e apostólico que creou tradición.

Excluída María Magdalena do «proceso autorizado da transmisión da fe», quedaron as honras da lenda, di Marinella, disposta a non desaparecer e a se alimentar de elementos esotéricos que a farán atractiva, iso si, pero sen o recoñecemento que lle correspondería sobre todo en Europa. A reflexión conclúe cun pequeno salto cara á busca das tradicións daquelas comunidades que referiron a súa autoridade apostólica a María de Magdala, presentando unha segunda parte cun breve percorrido pola literatura cristiá antiga.

Titulada «Apóstola entre espiritualidade e conflito: Tradicións apócrifas», esta segunda parte preséntase en dúas partes, un marco de referencia e un percorrido polos textos co Evanxeo de

María como referente. Cristina Simonelli, que asina esta segunda parte do libro, abre o marco de referencia cun esbozo breve pero certo sobre o termo «apócrifo». Un brevísimo percorrido pola historia do termo permítenos partir dunha idea consensuada do que significa a palabra como tal, e do que supuxo a clasificación de «apócrifo» para a transmisión dos textos.

Podemos atopar, tamén, unha breve guía de clasificación destes textos que, ademais de axudar á comprensión do problema, enfróntanos á realidade actual de que moitos dos textos referidos a María Magdalena quedan confinados a contextos específicos, quedando fóra dalgunhas das recompilacións textuais realizadas a finais do século XX. É moi interesante deixarse acompañar neste percorrido pola historia contemporánea que nos fala da marxinalidade das testemuñas que teñen esta muller como protagonista. Unha marxinalidade que tamén sucede, di Cristina, á hora de elixir os séculos para o estudo da tradición patristica, porque a elección preferente adoitan ser os séculos IV e V, que deixan fóra as tradicións de María,

porque ninguén conta a historia das mulleres.

Iníciase, inmediatamente, un percorrido breve polas distintas xenealoxías apostólicas, que nos falan dos Doce e de Pedro e Pablo, como tradicións que lidas posteriormente de forma orientada e selectiva dan lugar á tradición occidental, coa Igrexa con Roma á cabeza.

A tradición apostólica de Tomás Dídimo, lembrado con forza na rexión siro-mesopotámica e na igrexas da India, que produciu unha literatura extensa que mostra notas de dualidade, que, como reconece humildemente Cristina, non podemos saber se pertencía á orixe desta tradición ou foi incorporada polos grupos que a tomaron como referentes. A tradición da autoridade de Tegra referida por Tertuliano, como aquela á que se acollían algunhas mulleres cartaxinesas para lexitimaren a súa acción ministerial, ou por Exeria, a peregrina do século IV que visitou a súa tumba en Seleucia.

A tradición da autoridade apostólica de María de Magdala encamiña a nosa viaxe literaria cara a un movemento que conviviu coa gran Igrexa nos pri-

meiros séculos, o movemento gnóstico. Coñecemos a súa memoria polo achado dos códices de Nag Hammadi, uns escritos que conservaron a «memoria de María Magdalena». Non podemos saber se conservan unha memoria censurada por outros, di Cristina, ou en que medida esta referencia a María por parte destes grupos supuxo o abandono da súa memoria por parte doutros grupos, só podemos contemplar a presenza de mulleres que «infrinxen o código patriarcal e son deixadas á marxe por iso, testemuñando a marxinación do sistema contracultural que as acolle».

E a partir de aí penetramos nos rastros da memoria «apócrifa» de María de Magdala da man de textos como o Evanxeo de María, Pistis Sophia, Sofía de Xesucristo e Diálogo do salvador, sen esquecer testemuños importantes da súa memoria nos Feitos e o Evanxeo de Felipe, o Evanxeo de Pedro e o Ciclo de Pilatos.

Despois da lectura poderemos constatar a existencia dunha memoria apostólica que permaneceu viva en distintos contextos xeográficos e espirituais,

que mostran unha presenza activa feminina en Asia Menor e en Capadocia. Moi lúcida me parece a afirmación da «apocri-zación de María» como explicación das dinámicas de invisibilización que sufriu a imaxe desta

discípula, e que podemos apoiar na invisibilidade da que, como di Cristina, temos experiencia nos nosos días moitas de nós.

Carmen Picó Guzmán
Licenciada en Sagrada Escritura